



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2024/E001/000007
2025/G003/000336

DECRETO POLO QUE SE APROBA A LISTA DE ESPERA (BOLSA DE TRABAJO) DA CATEGORÍA DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (SAD/SAF)

ANTECEDENTES DE FEITO

- Mediante o Decreto núm. 1952/2024 (expediente 2024/G003/002022) desta Concellaría-Delegada, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para elaboración dunha lista de espera (bolsa de traballo) da categoría de **auxiliar do servizo de axuda a domicilio** (persoal laboral) asimilado ao subgrupo C2 do persoal funcionario, para afrontar as necesidades de contratación temporal de persoal desa categoría profesional.
- A convocatoria e as bases que rexen o procedemento foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 211, do 31/10/2024.
- O proceso selectivo concluíu coa proposta de lista de espera efectuada polo tribunal e que leva data do 12/02/2025.

FUNDAMENTOS LEGAIS

As bases números 6 e 7 regulan a formación da bolsa e o seu funcionamento.

Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, corrixido pola Resolución núm. 2001/2024, do 5 de novembro (BOP núm. 216/2024, do 8 de novembro).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

- Aprobar a seguinte lista de espera, por orde decrecente de puntuación, na categoría de **auxiliar do Servizo de Axuda a Domicilio**:

	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 ou equivalente	FASE OPOSICIÓN (0-60 puntos)	FASE CONCURSO (0- 40 puntos)	Puntuación FINAL
1ª	DOCE GABEIRAS, MARÍA JOSEFA	***1002**	NON	52,5	29,25	81,75
2ª	BOUZA ANIDOS, MARÍA MANUELA	***5538**	SI	47,5	24,15	71,65
3ª	CAÍNZOS PRIETO, M. CARMEN	***1620**	NON	47,5	23,7	71,2
4ª	LOPEZ CORRAL, M. LUISA	***8634**	SI	47,5	11,6	59,1
5ª	TEMBRÁS PAZ, MARÍA ESTHER	***1274**	SI	50	6,15	56,15



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

6ª	CIBREIRO SEIJAS, BÁRBARA	***0650**	SI	45	10,5	55,5
7ª	ANCA MINDICELLO, MABEL	***1682**	NON	40	0	52,8
8ª	BLANCO CAZÁS, MARÍA DOLORES	***1496**	SI	45	6,3	51,3
9º	FERREIRO BELLAS, Mª DEL CARMEN	***0936**	SI	45	4,7	49,7
10ª	PARDO GARCÍA, MARÍA BELÉN	***1346**	SI	45	4,65	49,65
11ª	BOUZA GUERREIRO, EVA MARÍA	***0654***	NON	47,5	1,5	49
12ª	BLANCO PICO, DOSINDA	***1640**	SI	48	0	48
13ª	GUERREIRO CAAVEIRO, LAURA	***8578**	SI	42,5	0	42,5
14ª	CAAVEIRO BARRO, SANDRA Mª	***9198**	SI	35	4,5	39,5

2. Deixar sen efecto as listas anteriores desta categoría profesional, resultantes dos procesos selectivos números 2018/E001/000011 e 2020/E001/000005.

3. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida polas persoas interesadas mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños